

Resolución núm. 2023/0192

Expediente: 2023/1838A

RESOLUCIÓN

ACORDO DE RESOLUCIÓN do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ao exercicio 2023.

Vistas as bases e a convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ao exercicio 2023, publicadas no BOP de Ourense número 41, do 18 de febreiro de 2023, e a súa corrección de erros no BOP de Ourense número 47, do 27 de febreiro de 2023.

Visto o ditame da Comisión de Valoración celebrada en data 10 de abril de 2023, polo que formula a proposta provisional de resolución do concurso para a concesión das subvencións.

Visto o informe de 28 de abril de 2023 no que se informa da publicación da proposta de resolución na web do Inorde así como a súa notificación fehaciente a todos os concellos interesados, e que transcorrido o prazo de audiencia, dende a última data, sexa de publicación ou notificación, non se presentaron alegacións a mesma.

Vista a fiscalización previa do compromiso ou disposición do gasto, en sentido favorable, realizada pola Intervención.

Considerando, o abeiro do previsto na base sétima, parágrafo 6 das Bases da convocatoria do concurso, que transcorridos dez días hábiles, contados dende a última data sexa a de notificación ou publicación da devandita proposta provisional de resolución do concurso para a concesión das subvencións, sen que se houberan presentado alegacións a mesma, a proposta provisional convertese en definitiva.

Tendo en conta o establecido na base decimo segunda das Bases que rexen o concurso, conforme a cal *“A resolución do procedemento se publicará no Boletín Oficial da Provincia, desde cuxa data se computarán os prazos para o exercicio dos recursos administrativos e*

accións xudiciais que correspondan. Dita resolución tamén será publicada na páxina web do Inorde, <http://www.inorde.com>, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, e será obxecto de comunicación electrónica individualizada os afectados.”

Considerando que conforme as atribucións concedidas por delegación da Comisión Executiva, o abeiro do establecido no artigo 12.2.1) do Estatutos do Inorde, en relación co artigo 11.f) dos ditos Estatutos, segundo o disposto na base sétima, parágrafo 2 das Bases da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ao exercicio 2023, a Presidencia do Inorde é competente para a resolución do concurso, concedendo ou denegando as subvencións solicitadas.

Polo exposto, DISPOÑO:

RESOLVER o concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ó exercicio 2023, dacordo a proposta da Comisión de Valoración, nos seguintes termos:

1º. Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

concello	produto	puntos	subvención (euros)
Riós	XXVIII Festa da Castaña e do Cogumelo	5,67	1.245,94
Leiro	XXXII Festa da Vendima de Leiro	16,87	3.707,36
Montederramo	XXVIII Festa da Carne 2023	20,65	4.537,10
A Teixeira	Festa do Viño Novo 2023	4,33	950,71
Muíños	Festas das Sopas do Burro canso, do Galo pica no chan e do Becerro do Xurés o espeto	10,83	2.379,94
Arnoia	XLIV Festa do Pemento de Arnoia	6,42	1.410,50
Vilariño de Conso	XXXIV Festa do Cabrito	16,85	3.702,13
Chandrea de Queixa	XII Festa Gastronómica do Cordeiro	26,46	5.814,05
A Rúa	Bacofesta 2023	11,23	2.468,37
Xinzo de Limia	Feira da Pataca ALIMAGRO 2023	11,77	2.585,91

O Bolo	XIII Festa da Vitela	14,17	3.113,97
Parada de Sil	X Festa da Pisa da Castaña e Feira de Produtos Locais	3,45	757,67
O Barco de Valdeorras	XXI Festa do Botelo	25,04	5.503,54
Piñor	VI Festa dos Callos	3,74	822,79
Ribadavia	LX Feira do Viño do Ribeiro	34,67	7.619,71
Larouco	Festa-Feira do Cordeiro	3,57	783,83
A Veiga	Accións de Promoción e Posta en Valor de Produtos de Alta Montaña de A Veiga VI	18,49	4.062,34
Verín	XVI Feira do Viño D.O. Monterrei	26,98	5.928,79
San Cristobo de Cea	Ruta dos Fornos de Pan de Cea	8,45	1.857,16
Entrimo	XVIII Festa Exaltación da Empanada de Forquellas e Carne Cachena da Serra do Quinxo	6,20	1.363,48
Viana do Bolo	Entroido 2023, LI Festa da Androia	50,00	10.987,77
Cortegada	XIII Fira de Artesanía e do Porco Celta	10,11	2.221,53
Laza	Festa Gastronómica da Bica Branca, Xastré, Cachucha e Licor Café do Concello de Laza	5,35	1.175,41
TOTAIS			75.000,00

2º. Recordar que os concellos beneficiarios ten que adoptar as medidas de comunicación e visibilidade da subvención concedida establecidas na base décimo terceira das Bases da convocatoria, debendo realizar as seguintes medidas de difusión:

a) A inclusión da imaxe institucional do Inorde ou unha lenda alusiva o feito de que a actividade está subvencionada polo Inorde nos materiais impresos, como carteis, entradas, prospectos, boletos ou outros, e no material audiovisual que se realice da actividade.

b) Na páxina web ou nas contas nas redes sociais do beneficiario.

c) As actividades de comunicación dos beneficiarios relacionadas coa acción ou accións subvencionadas. En todo caso, nas actividades de comunicación posteriores si deberá facerse referencia á financiación de carácter público recibida do Inorde.

Recordar tamén que todos os concellos, aínda que houberen realizado a actividade con anterioridade a resolución da convocatoria das subvencións, deberán dar cumprimento



Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico

Deputación Provincial de Ourense

das súas obrigas de publicidade activa da subvención concedida, de conformidade co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e ben goberno.

3º. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, na páxina <http://www.inorde.com> e na Base de Datos Nacional de Subvencións, e comunicalo, electrónicamente, os concellos interesados.

Así o dispon e firma a Presidencia, en Ourense, na data que consta na firma electrónica de este documento. Dou fe.

Asinado electrónicamente por ROSENDO LUIS
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
Presidente do INORDE
04/05/2023 - 11:54:27

Asinado electrónicamente por JUAN
MARQUINA FUENTES
Secretario do Inorde
04/05/2023 - 11:55:25